

# Verba

**ANUARIO GALEGO DE FILOLOXÍA**  
**Vol. 21, 1994**

**SEPARATA**

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**



## Gheada e situación

Montserrat Recalde Fernández  
Seminario de Sociolingüística  
Real Academia Galega

### INTRODUCCIÓN.

A promoción institucional do galego levada a cabo dende a aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983) está producindo unha progresiva desimbolización do mesmo como marcador de procedencia social e económica fronte ao castelán. A igualación do prestixio entre as variedades estandarizadas de ambas linguas está contrarrestada pola progresiva explotación de recursos do propio sistema lingüístico galego como factores de diferenciación social: se hai uns anos o sinal lingüístico máis distintivo de falta de instrucción, ruralidade e pobreza era falar galego, hoxe en día o elemento identificador non é tanto a lingua como a variedade lingüística utilizada (dialectal *vs.* estándar), habida conta de que non todas as formas dialectais son valoradas do mesmo xeito pola comunidade.

En Galicia estase a producir un cambio nas actitudes lingüísticas e nos usos simbólicos das linguas a raíz do cal se están habilitando as variedades lingüísticas que non forman parte do galego común para ocupar os espacios funcionais antes reservados para o galego -especialmente no dominio familiar-, mentres que a variedade estandarizada desempeña agora boa parte das funcións sociais que dende o século XV lle foron gradualmente asignadas ao castelán (lingua vehicular da administración, o ensino, os medios de comunicación, os discursos públicos, etc.). Este feito permite unha ampliación do marco da investigación sociolingüística en Galicia, xa que abre a posibilidade de enfocala dende a perspectiva da variación interna e da planificación lingüística, ademais dos tradicionais enfoques de contacto e conflito lingüístico.

Un dos principais marcadores sociolingüísticos do sistema fonético-fonolóxico do galego é a *gheada* ([xeáda]). Con este nome a dialectoloxía do galego denominou un hábito ar-

ticulatorio existente na maior parte de Galicia, consistente en pronunciar o *g* coma un son aspirado principalmente<sup>1</sup> faringal en todos os contextos fónicos excepto detrás de nasal, onde pode presentar tanto esta realización como a oclusiva velar sonora ou a oclusiva velar xorda. Deste modo, o que nunha parte de Galicia se pronuncia [gáto] ou [amíyo] na outra pronúnciase [háto] e [amího].

Na historia da lingüística galega este fenómeno deu lugar a unha inxente serie de categorizacións sociais e xuízos de valor que axiña o converteron nun estereotipo lingüístico. No contexto sociolingüístico actual funciona coma un dos principais marcadores fonéticos do galego non estándar, especializado para a comunicación non formal e a miúdo introducido estratexicamente na conversación, incluso por castelanfalantes, con diferentes propósitos comunicativos.

Os datos que serviron de base para a elaboración deste artigo foron obtidos mediante a aplicación dun cuestionario a unha mostra composta por 248 adolescentes de 16 a 18 anos, que en 1992 cursaban segundo de BUP nalgún dos catro centros que seguen: Colexio Manuel Peleteiro, de Santiago de Compostela, IB Xunqueira I, de Pontevedra, IB-FP de Vilalonga (Sanxenxo) e IB de Cedeira (todos eles pertencen a zonas onde a dialectoloxía galega detectou a presenza da gheada)<sup>2</sup>. A procedencia social do alumnado destes centros é distinta en cada caso, como se desprende dos grupos profesionais aos que pertencen seus pais e do grao de urbanización do lugar de residencia. O Colexio Manuel Peleteiro é un dos centros de financiación privada máis prestixiados de Santiago; nútrese principalmente de alumnos procedentes das clases media e medio-alta desta cidade, fillos de altos funcionarios, empresarios ou profesionais liberais (o 66.2% dos pais dos informantes deste colexio pertencen a algún destes tres grupos profesionais). O instituto de Xunqueira I recibe alumnos das aforas de Pontevedra, procedentes sobre todo da clase obreira (na nosa mostra un 49.1% son fillos de obreiros e un 13.2% de baixos funcionarios). Finalmente, Cedeira e Vilalonga son núcleos cun sector agrario e mariñeiro de considerable importancia (o 21.1% dos alumnos de Vilalonga e o 28% dos de Cedeira proceden dalgún destes dous sectores socioeconómicos), aínda que a clase obreira tamén ten unha representación considerable nestes institutos (un 45.1% de alumnos en Vilalonga e un 38% en Cedeira son fillos de obreiros). Polo que respecta ao lugar de residencia, temos que máis das tres cuartas partes dos alumnos que compoñen a mostra de Vilalonga residen en aldeas, mentres algo menos dun cuarto dos mesmos re-

<sup>1</sup> Principalmente porque foi a realización que a dialectoloxía caracterizou como máis frecuente. Parece que nas mesmas zonas onde se rexistrou esta realización, existen outras como a laringal, a glotal ou a fricativa uvular sonora. En zonas e individuos, especialmente mozos, que tiveron un amplo contacto co castelán está tamén rexistrada unha realización idéntica á da fricativa velar xorda castelá ([x]).

<sup>2</sup> As porcentaxes de entrevistados en cada un dos catro institutos distribúense como seguen:

- Colexio 'Manuel Peleteiro' (Santiago): 27%
- IB 'A Xunqueira I' (Pontevedra): 22.2%
- IB de Vilalonga (Sanxenxo): 29.8%
- IB de Cedeira: 21%

side en vilas; no caso de Cedeira as porcentaxes invértense, un 71.2% reside en vilas e un 28.8% en aldeas. A maior parte dos informantes de Peleteiro, sen embargo, viven no centro de Santiago (63.6%), un 18.2% en vilas e só un 18.2% dos mesmos reside no rural ou nas aforas da cidade; finalmente, case a metade dos informantes do Xunqueira I residen nas aforas de Pontevedra (49.1%) e case un cuarto dos mesmos en aldeas (22.6%).

Para evitar unha posible influencia da investigadora sobre a resposta dos suxeitos investigados, moi frecuente nos *métodos directos de medición*, evitei a miña presenza nas aulas onde se suministraron os cuestionarios e incidín no carácter estritamente anónimo de cada cuestionario<sup>3</sup>.

Na sociolingüística variacionista considérase que toda variable lingüística está constituída por variantes X, Y, Z, que covarían con elementos internos ao sistema lingüístico e elementos internos ao sistema social. Dende esta perspectiva o tratamento de /g/ e /h/ coma unha variable sociolingüística sería inviable, posto que constitúen entidades fonolóxicas independentes, non condicionadas lingüísticamente, con cadanseu conxunto de realizacións, estas si lingüísticamente condicionadas polo contexto fónico (alomenos no caso de /g/). Non obstante no tipo de análise que me propoño facer nestas páxinas resulta de gran utilidade metodolóxica a definición esencial do concepto de variable que aparece en Cedergren (1983: 150), entendida coma un conxunto de realizacións equivalentes dun mesmo principio ou elemento subxacente, das que a distribución pode estar rexida polos seguintes factores:

1. Exclusivamente lingüísticos.
2. Exclusivamente sociais.
3. Lingüísticos e sociais.
4. Nin lingüísticos nin sociais.

Na distribución da gheada e da súa alternativa /g/ son os factores sociais os que xogan un papel decisivo, pero no galego a alternancia entre eles non serve para diferenciar significados lingüísticos, senón significados sociais. Polo tanto, dende unha perspectiva lingüística considerareinos coma un conxunto de equivalencia (**g/h**) dun mesmo elemento subxacente que representarei por (gh)-.

Das catro posibilidades arriba indicadas, López Morales (1989: 85) descarta a última, posto que corresponde ao concepto de variación libre, e a segunda, que nos coloca ante linguas ou dialectos distintos, polo que 'carece de interés para el estudio diastrático de las sintopías'. A situación da gheada galega contradí de xeito manifesto esta última afirmación, pois, sendo unha variante dialectal cunha demarcación xeográfica ben definida, no galego actual a súa presenza está claramente correlacionada co nivel de estudos, a procedencia socioeconómica, a idade do individuo e o estilo de fala.

<sup>3</sup> O principal risco que leva consigo esta metodoloxía é que os respondentes oculten os seus usos lingüísticos e actitudes reais e se acomoden aos que consideran mellor valorados socialmente para ofrecer unha imaxe positiva de si mesmos.

O obxectivo principal do presente artigo é, precisamente, o de demostrar que a alternancia entre as variantes **g** e **h** correlaciona co nivel de formalidade da situación comunicativa, servindo por tanto para delimitar estilos lingüísticos, e que as actitudes existentes cara á gheada son as que se esperarían dunha forma lingüística especializada para a comunicación informal. Con isto intentarei demostrar que, así como nunha comunidade bilingüe dúas linguas diferentes poden desempeñar a mesma función no cambio de estilo ca dúas variedades da mesma lingua, dentro dunha comunidade monolingüe dúas formas lingüísticas procedentes de diferentes dialectos -como é o caso de /h/ e /g/- poden funcionar como marcadores de estilo igual que o farían dúas variantes dun mesmo dialecto e que, contrariamente ao afirmado por López Morales, non só presentan o mesmo interese para o estudo diastrático das sin-topías, senón tamén para o diafásico.

### 1. FRONTEIRAS E ORIXES DA GHEADA.

O primeiro en establecer as fronteiras da gheada foi Zamora Vicente (1952), con datos recollidos entre os anos 1942-1945. Segundo o mapa por el elaborado, a gheada ocupa a totalidade das provincias da Coruña e Pontevedra, a metade occidental de Ourense e unha estreita franxa do occidente de Lugo limítrofe coa Coruña. Zamora Vicente subliña tamén a existencia dunha illa gheadófono en falas do leste de Lugo, colindantes co Bierzo. As fronteiras do fenómeno foron ampliadas algo máis ao interior da provincia de Lugo e a unha pequena área polo occidente de Ourense por posteriores estudos dialectais<sup>4</sup>.

Un dos puntos máis debatidos en torno á gheada foi o problema das súas orixes. Este transcende o interese meramente filolóxico para afectar á súa lexitimidade como forma alternativa do galego correcto e ten difícil solución, debido á ausencia de testemuñas escritas. A principal controversia tivo lugar entre os que afirmaron que a gheada se orixinou a partir dunha evolución interna do sistema fonolóxico galego e, polo tanto, é *un rasgo de noso*, e os que cren que xurdiu como unha interferencia do castelán nos sectores máis incultos e marxina-dos da poboación, feito que cuestionaría a súa introducción como forma aceptable no galego estándar, especialmente cando un dos principios que guiaron a creación da normativa foi a depuración de castelanismos<sup>5</sup>.

As opinións existentes ao respecto poden agruparse en tres grandes teorías: a sustratística de Zamora Vicente (1952), a adstratística de J.L. Pensado e, finalmente, as teses autonomistas que explican o fenómeno como a evolución natural do sistema fonolóxico galego, ben desde o punto de vista estruturalista como Schneider (1938), Santamarina (1980) ou

<sup>4</sup> Véxanse Santamaría Sande (1966), Mouriño Cajide (1984) e Fernández Rei (1981 e 1990).

<sup>5</sup> '(...) a normativa debe acoller un falego fiel a si mesmo e limpo de canto espúreo hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. É dicir, a lingua común debe se-lo máis galega posible, establecida sen sometementos nin dependencias, con atención escrupulosa á estrutura e características lingüísticas do galego', Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega (1982: 7).

Mouriño Cajide (1984), ben desde o xenerativista como Prieto (1980a, 1980b<sup>6</sup>). Schrotten (1980) formula unha hipótese que está a medio camiño entre a autonomista e a adstratística, posto que ao tempo que afirma que aínda que o impulsor do cambio foi o influxo castelán, os feitos realmente importantes foron os mecanismos internos de restructuración do sistema fonolóxico que seguiron a continuación.

A teoría sustratística de Zamora Vicente xurdiu ao fío do seu intento de trazar as fronteiras do fenómeno. Conclúe que a súa coincidencia cos asentamentos preceltas son proba das súas orixes preindoeuropeas:

“La gheada, creemos, ha de interpretarse como una manifestación más del arraigado primitivismo de la cultura y la lengua rurales del Noroeste hispánico, y responde a un fenómeno de sustrato viejísimo, probablemente pre-indo-europeo, toscos si se quiere hoy, perpetuado en las divisiones más modernas, pero operante todavía” (1986: 24).

O principal inconveniente para aceptar esta hipótese é a ausencia total da gheada nos documentos escritos da antigüidade. Nin siquiera existen testemuños da mesma na Idade Media, onde a presenza da grafía *g* ante vocal palatal parece deberse ás vacilacións ortográficas propias do momento máis ca á representación do son [h] (cfr. Mouriño Cajide 1984, Santamarina 1980). Os primeiros testemuños indubidables de gheada pertencen ao século XVII<sup>7</sup>, e están graficamente representados polo *j* castelán, o que induce a pensar que a aparición da mesma é un fenómeno relativamente recente, probablemente simultáneo ou posterior á aparición do fonema /x/ no castelán<sup>8</sup>.

A teoría das orixes adstratísticas da gheada, que defende X.L. Pensado (1970, 1983), é a herdeira das ideas lingüísticas dos primeiros gramáticos galegos. Con ela, inténtase demostrar cientificamente o que aqueles facían de forma intuitiva. Aínda que este autor non comparte o desprezo cara ao fenómeno, xeneralizado nos seus antecesores, participa da concepción de que foi ‘en los medios rústicos donde más arraigado estaba el gallego’ (1970: 31) onde se orixinou a gheada. Baseándose en observacións de Frei Martín Sarmiento sobre a tendencia dos galegofalantes iletrados a pronunciar [g] en lugar de [x] falando castelán, Pensado asegura que o primeiro estadio do fenómeno foi a substitución /x/ por /g/, posto que a ausencia do son velar xordo do castelán obrigaba os galegofalantes a substituílo polo máis próximo do seu propio sistema (o velar sonoro). As clases máis educadas conseguen emular perfecta-

<sup>6</sup> Dentro da corrente xenerativista, este autor presenta dúas hipóteses sensiblemente distintas en senllas publicacións. Mentres en 1980a se adhire aos que consideran a gheada coma un resultado da evolución de [g] ou do [g], en 1980b afirma que a evolución que tivo lugar foi xustamente á inversa, é dicir, o son orixinario era [h], o cal, a través dun proceso de reforzamento, deu lugar ás variantes [g], [gh], [x] ou [c].

<sup>7</sup> Carballo Calero (1968) cita os exemplos de *ergida* (?) nun soneto de Pedro Vázquez de Neira (1612) á morte da Raíña Margarida, e *prolojos* (sobre o cal non admite dúbida) empregado no 1697 por Xoán Correa Mendoza. Como testemuñas indirectas da gheada, por vía de ultracorrección, Santamarina (1980) menciona *higüelas* e *aguares*, que figuran nun documento de 1652.

<sup>8</sup> Antón Santamarina data o comezo do fenómeno entre os séculos XVI e XVII.

mente a articulación castelá, pero os rústicos, debido ás risas que provocaban tales equivalencias (sic) non só acaban por imitar perfectamente este son, senón que o introducen na súa propia lingua ata desterrar o son orixinario da mesma ([g]) en todos os contextos en que ocorre:

“Es decir, la /X/ castellana, primeramente substituída por /G/, como consecuencia de esa substitución, al terminar siendo aprendida por los gallego-hablantes, arrastra consigo toda /G/ gallega, haciéndola pasar a /X/ en todos los contextos, en el habla de los grupos sociales más incultos” (1970: 39).

Ao meu entender, resulta un tanto sorprendente, e moi pouco convincente -especialmente cando non se ofrece ningunha descripción do proceso, xa sexa en termos cognitivos, xa sexa en termos articulatorios- que os galegofalantes iletrados nun principio adaptaran o [g] para reproducir o [x] castelán e, despois de tantos esforzos, esquecesen, sen máis, o seu propio son<sup>9</sup>. Desta teoría xorden, ademais, unha serie de cuestións de difícil resposta. Cabería preguntarse, por exemplo, por que os galegofalantes ‘iletrados’ de Lugo e Ourense tiveron máis éxito cós de Pontevedra ou A Coruña en imitar o [x] castelán sen provocar interferencias no seu propio sistema, ou por que os nenos galegofalantes residentes en zonas non gheadófonas (especialmente no rural), non mostran a mesma tendencia de reproducir o [x] castelán co [g/ɣ] galego cando comezan a ir á escola<sup>10</sup>.

Unha das evidencias máis importantes en favor da teoría autonomista, segundo Santamarina (1980), é o feito de que en determinadas zonas de Galicia a gheada, tras nasal, artículase como [g] ou [k] (domingo/dominko). Santamarina, baseándose en principios estruturalistas, explica organicamente tanto a aparición do fenómeno como as súas diferentes realizacións. Para o autor a xénese da gheada é o remate dun proceso de evolución interna consistente na aspiración da variante fricativa [ɣ] do fonema /g/ latino, é dicir, en todas as posicións que non fosen inicial absoluta ou tras nasal. Ao tempo que cambia o seu modo de articulación recúa varios graos o punto de articulación dando lugar ás pronunciacións que se rexistran hoxe en día na fala. O proceso foi como segue:

1º de fricativa velar sonora [ɣ] pasa a uvular sonora [ʁ] ou xorda [χ];

2º de uvular sonora ou xorda a faringal sonora [ʕ] ou xorda [h];

3º de faringal sonora ou xorda a laringal sonora [ɦ] ou xorda [h].

O autor xustifica os cambios coma un mecanismo de adaptación articulatória do [ɣ] aos fonemas vocálicos que o preceden e seguen. Despois destes cambios o fonema /g/ tiña dúas realizacións ([h] en posición débil e [g] en posición forte) substancialmente tan dispares que non podían ser consideradas polos falantes como variantes fonéticas dunha mesma unidade.

<sup>9</sup> “Lo malo es que cuando aprendieron la /x/ olvidaron la /g/ y una vez más vuelven a estar tarados para expresarse en castellano, que tiene /gatos/ y no /xatos/” (1983: 62).

<sup>10</sup> Observando nenos galegofalantes non gheadófonos que están aprendendo a falar o castelán detectei interferencias fonéticas moi frecuentes, como a introducción de [x] en vez de [ʎ] ou [j]. E dicir, a súa tendencia é a de traducir *boteja* en lugar de *botella* seguindo o patrón de *ollo=oyo* ou *\*mugir* como tradución de *muxir*, seguindo o modelo *coxo=cojo*.



Este feito, segundo o autor, provocou que se xeneralizase a variante máis frecuente ([h]), de modo que conforme a [o hálo/os hálos] pasou a realizarse [hálo/un hálo]. Así apareceu un novo fonema /h/. Detrás de nasal, onde nunca fora posible a realización fricativa, o primitivo [g] tivo dúas solucións. Na maior parte da Galicia gheadófona xeneralizouse a realización [h], pero na franxa costeira entre Panxón e Malpica respetouse a variante forte [g] nesta posición, de modo que existían dúas realizacións, [g] tras nasal e [h] nas demais posicións. De acordo con este autor, a substancia fónica destas dúas realizacións facía moi difícil a súa identificación cun único fonema, pero por outra parte tampouco existían parellas commutables con /g/ ou /h/, co que o sistema fonolóxico queda nunha posición ambigua. A estabilización do mesmo prodúcese mediante a identificación do /g/, que só ocorría nunha posición na cadea fónica, cunha variante alofónica de /k/, do que só se diferenciaba polo rasgo de sonoridade. Así foi como se xeralizou a pronuncia [domínko] seguindo o modelo [ófnko].

Como cumio deste proceso, existen na actualidade dous subsistemas na orde velar do galego:

- /k/
- a) /g/ (cos alófonos [g] e [ɣ])
- /k/
- b) /h/

No primeiro subsistema temos dous fonemas que se opoñen entre si polo risco de sonoridade, no segundo polo modo de articulación (oclusivo/continuo). Estes dous subsistemas foron admitidos no galego estándar mantendo a grafía **g** para ambos casos.

## 2. A GHEADA DESDE UNHA PERSPECTIVA SOCIOLINGÜÍSTICA.

No apartado anterior foron mencionadas as dúas perspectivas básicas desde as que as investigacións sobre a lingua galega abordaron o fenómeno da gheada. Por unha parte, están os estudos xa citados, mediante os que se procura explicar as causas e o proceso da súa aparición. Pola outra, existe unha extensa serie de traballos que seguen as liñas de investigación lingüística auspiciadas polo Instituto da Lingua Galega, aprofundando o estudo en áreas xeográficas moi localizadas. Os seus principais obxectivos foron trazar ou retocar as fronteiras do fenómeno e describir foneticamente os seus alófonos no marco teórico da dialectoloxía tradicional<sup>11</sup>.

<sup>11</sup> Falo de dialectoloxía *tradicional* como oposta á *moderna* dialectoloxía, que se pode considerar inaugurada polos traballos de Labov. Entre as dúas existen importantes diferencias, tanto de obxectivos como na concepción do que debe ser a descrición das variedades lingüísticas. Mentres a primeira ten como finalidade prioritaria o estudo da distribución xeográfica e posterior clasificación de variedades lingüísticas preferiblemente rurais, as modernas orientacións da dialectoloxía danlle unha importancia fundamental ao aspecto social da variación lingüística, centrando o seu interese nos dialectos urbanos. Cfr. Trudgill (1992: 71-79), Walters (1988: 119-139).

Parece evidente que un atlas lingüístico baseado na recollida da fala espontánea de informantes rurais, xeralmente labregos iletrados ('de intelixencia natural') comprendidos entre os 40 e os 70 anos e que nunca viaxaran fóra da súa aldea natal<sup>12</sup>, é de gran utilidade para reunir datos dunha situación lingüística que dificilmente será testemuño do presente. A información extraída dunha poboación así caracterizada é representativa dunha sociedade preindustrializada de base agraria, pero mal pode reflectir con fidelidade a situación dunha lingua vinte anos despois da súa recolleita, tras dez anos de continuo proceso de estandarización e nun momento en que, demográfica e economicamente, unha parte importante de Galicia sitúase entre as sociedades industrializadas, cuns índices de analfabetismo practicamente inexistentes. Se a isto se lle engade o feito de que existen evidencias suficientes para crer que a gheada foi unha forma estigmatizada dende hai dous séculos (practicamente dende a súa aparición), é moi probable que o seu retroceso sexa hoxe moito máis rápido do que se agardaba nos anos setenta, debido á presenza continuada do galego estándar na vida dos cidadáns (dunha grande parte deles ou, cando menos, dos mozos, que son os que deciden en último termo o futuro das variedades lingüísticas).

Tras o rexeitamento xeneralizado de que foi obxecto a gheada por parte dos filólogos e gramáticos que veñen escribindo sobre a lingua dende o XVIII<sup>13</sup> está o convencemento de que a súa aparición foi consecuencia da influencia do castelán sobre certo sector de galego-falantes (os campesiños e mariñeiros iletrados) debido ó seu 'escaso coñecemento lingüístico e á carencia de pureza idiomática da súa fala'. A identificación da gheada co [x] castelán por parte dos gramáticos do século pasado e a primeira metade do presente, é consecuencia non só da recollida impresionista do material fonético, suxeito ao grao de concentración e agudeza de oído do investigador, senón tamén dunha situación de contacto lingüístico onde a distribución social das linguas viña reflectindo con bastante fidelidade a distribución social da cultura e da riqueza, e onde o castelán actuaba de modelo lingüístico incluso para os que reivindicaban a validez do galego como lingua de cultura. Por isto, a súa estigmatización non se pode comprender sen ter en conta o pasado social, político e cultural de Galicia, e a situación de conflito lingüístico que este xerou.

A partir do século XV, o galego comeza a perder contacto coa cultura e a administración, porque o castelán, que primeiro penetra de mans da nobreza castelá que os monarcas viñan destiñando a Galicia desde Fernando III O Santo, e algo máis tarde a través da nobreza autóctona asimilada, comeza a ocupar parte do espazo funcional daquel<sup>14</sup>. A diferenza de poder e prestixio entre a alta nobreza castelá e a baixa nobreza galega creou diferencias de prestixio lingüístico entre as linguas que estas usaban, acrecentadas no XVIII polas medidas de presión exercidas polo centralismo borbónico para consolidar o castelán como lingua de

<sup>12</sup> Cfr. ALGA, Vol. I.1, px. 11.

<sup>13</sup> Os primeiros en describir e interpretar este fenómeno foron os padres Sarmiento (1732) e Sobreira (1794), cfr. Pensado Tomé (1974).

<sup>14</sup> Cfr. Villares Paz (1980), Mariño Paz (1991).

cultura en Galicia. No final do proceso, ambas linguas acabaron por ser identificadas con dous grupos de moi diferente estatus socioeconómico. O castelán cos nobres vidos de Castela, a pequena nobreza galega castelanizada e unha incipiente burguesía maioritariamente catalana. O galego coa clase labrega e mariñeira sustentada nunha economía de autoconsumo. Nesta situación non existía un galego falado por unha burguesía intelectual que puidese ser habilitado como modelo de *galego culto*, ao que se contrapuxese o *galego vulgar* utilizado polas clases marxinas. Como variedade culta do galego funcionaba o castelán, e nel non existía a gheada, senón un son moi parecido que moi poucos estudiosos diferenciaron daquela, pero que, sen embargo, tiña unha distribución moi diferente na cadea fonemática.

A orde velar do castelán correlaciona cos seguintes fonemas do galego:

Castelán	Galego
/k/	/k/
/g/	/g/-/h/
	/ʎ/
/x/	
	/ʃ/

Como se observa, nun dos subsistemas do galego existe un fonema /g/ de articulación [g] ou [ɣ] idéntica á do /g/ castelán e que, ademais, ten a mesma distribución ca este no decurso fónico. Pero no outro subsistema hai un fonema de realización semellante á do fricativo velar xordo castelán /x/ e que, sen embargo, correlaciona co sonoro /g/. Co fonema velar xordo /x/ do castelán correlacionan dous fonemas do galego, o lateral palatal sonoro /ʎ/ e o sibilante prepalatal xordo /ʃ/ (esta última correlación levou a concluír que no galego non existía o son [x] senón o [ʃ] e que o [h], foneticamente semellante ao primeiro, era un castelanismo). Existen, pois, palabras de articulación común no castelán e no galego (cast. [kása]/gal. [kása]), outras onde é diferente un dos seus fonemas constituíntes (cast.[páxa]/gal. [páʃa]; cast. [xéfe]/gal. [ʃéfe]), e, finalmente, unha serie de casos en que o fonema /g/ castelán se conmuta no galego por /h/ ou /g/ dependendo do dialecto do falante (cast.[gáto]/gal. [gáto] ou [háto]).

Sen embargo, o precario coñecemento do castelán que ata non hai moito tempo caracterizou os galegofalantes espontáneos deu orixe a unha serie de interferencias das que a confusión do /g/ castelán e o /h/ galego constituíu só unha parte. escoitar a un galegofalante gheadófono dicir [háto] por [gáto] ou [héra] por [géra] cando intentaba falar castelán debeuse converter axiña nun fenómeno bastante habitual, polo que se desprende do número de textos onde se mencionan tales interferencias<sup>15</sup>. Pero, ademais das anteriores interferencias do galego no castelán, tamén existían ultracorreccións, isto é, transformacións variables dos [x] en [g/ɣ] e dos [g/ɣ] en [x], por parte dos galegofalantes gheadófonos, no seu afán de reproducir con fidelidade a distribución dos mesmos sons no castelán, como parece desprenderse das descripcións dos primeiros gramáticos galegos e dos textos literarios que procuraban imitar a

falar popular. Neste sentido resulta moi elocuente o contido dunha carta que enviou en 1794 o Padre Sobreira a Casimiro Gómez de Ortega:

“...pero mucho más en Orense, cuya conjunción con Tuy, en el partido de Ribadavia, ocasiona en su comarca un otro idioma que, tomando de todos los otros y también del próximo portugués, *ouvea* o *aúlla* en los diptongos a la portuguesa como los tudenses, *oyzea* como los de Pontevedra, pero *seseando* como los santiagueses, conviniendo con ellos en no tener la letra J, que, aunque la pronuncian algunas veces, es por remedar o imitar el castellano. De aquí les resulta el trocarlo todo haciendo *Gue* de la *Je*, y *Je* de la *Gue*. Su propia letra es la *G* griega y si las truecan es por la mezcla del castellano” (Pensado, 1974: 223).

Os galegofalantes posuían a competencia comunicativa necesaria que lles permitía asociar o galego con certas situacións comunicativas e o castelán con outras distintas, pero carecían da competencia lingüística suficiente nesta última lingua para aplicar as regras de uso lingüístico sen estridencias<sup>16</sup>. A gueada, polo tanto, non é máis có resultado dunha elección de código correcta en canto ao fondo, pero fracasada en canto á forma.

Existen tamén testemuños documentais de que a gheada e a gueada -termo co que se etiquetaron as ultracorreccións- eran obxecto de burla por parte da poboación castelanfalante. As queixas do Padre Sarmiento -reproducidas por J.L. Pensado (1970, 1983)- denuncian do terse convertido en obxecto de hilaridade a causa da súa confusión entre o [g] e o [x], e a existencia no XIX de chascarrillos satírico-burlescos e de obras teatrais que intentaban caracterizar os personaxes rústicos reproducindo esta confusión ata a saciedade, parecen confirmar que a gheada non era só un fenómeno estigmatizado, senón tamén un estereotipo social, unha marca de incultura e rusticidade, mesmo falando galego<sup>17</sup>.

A visión da gheada na historia da lingüística galega non está exenta en ningún momento de definicións valorativas. Se na segunda metade do século XIX e comezos do XX abundaban os calificativos de ‘viciosa pronunciación’, ‘grosero hábito (que) sólo se usa entre el vulgo’, ‘intolerable en el lenguaje culto’<sup>18</sup>, xa entrados na segunda metade deste século, Zamora Vicente etiquéaa de ‘gheada disimulada y vulgarísima del Cebrero’ (1952: 17) e Santamaría Sande xustifica nos seguintes termos as presións que os mestres de escola exercen sobre os seus alumnos gheadófonos para tratar de corrixir esta pronunciación:

“(…) se ha notado una tendencia clara y lógica por parte de los maestros rurales de luchar contra el fenómeno para conseguir desterrarlo de sus zonas (...)” (1966: 3).

<sup>15</sup> Cfr. Saco y Arce (1868), A. Marsal (1888), M. Valladares (1888), *El tío Babuchas* (nº 1 e 2, 1868), *O tío Marcos da Portela* (12-X-1884), Couceiro Freijomil (1935), etc.

<sup>16</sup> Utilizo *competencia comunicativa* no sentido de Dell Hymes (1971), que introduce o coñecemento das regras de uso lingüístico como parte integradora da competencia, deixando o termo *competencia lingüística* co sentido que ten na gramática chomskiana de *coñecemento gramatical*.

<sup>17</sup> Por *estigmatización* enténdese a avaliación negativa dun fenómeno, neste caso lingüístico, en virtude da cal se adoitan producir unha serie de asociacións categóricas, desviadas da realidade, entre esa marca lingüística e unhas determinadas características sociais ou psicolóxicas do falante. Dende o momento en que tales asociacións comezan a xerarse de forma sistemática, ese trazo lingüístico convértese nun *estereotipo*.

<sup>18</sup> Cfr. J. Saco e Arce (1868: 34), A. Marsal (1888: 163), A. Cotarelo (1927: 90-91) e A. Couceiro Freijomil (1935: 103), entre outros.

Dadas as condicións sociolingüísticas e as actitudes xerais baixo as que sobreviviu a gheada, era esperable que, ademais dunha variación horizontal, que foi o tema central de todos os estudos ata agora existentes, se producise unha variación vertical debida a factores sociais e situacionais, e que esta variación constituíse o inicio dun cambio lingüístico dende arriba<sup>19</sup>. En efecto, a maioría dos dialectólogos rexistraron a existencia de covariación individual e interindividual entre a aparición do [h] ou da súa alternativa [g] con variables sociais como a idade, o nivel de estudos ou o grupo socioeconómico dos informantes, así coma un retroceso do fenómeno en vilas que despuntaban economicamente ou polas súas redes de comunicación<sup>20</sup>.

Na actualidade, pese a que a gheada foi aceptada como variante estándar, forma alternativa ao sistema con /g/<sup>21</sup>, cando se confeccionaron as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Galego*, continúa a ser un son socialmente rexeitado para a conversación formal, como trataremos de demostrar nas páxinas que seguen.

### 3. VARIACIÓN DO USO DA GHEADA SEGUNDO A SITUACIÓN COMUNICATIVA.

A gheada galega é un trazo fonético que forma parte das dúas dimensións que Halliday (1968: 140) denominou *dimensión do usuario* e *dimensión do uso*, isto é *dialecto* e *registro*:

“A dialect is a variety of language distinguished according to the user: different groups of people within the language community speak different dialects. It is possible also to recognize varieties of language along another dimension, distinguished according to use. Language varies as its function varies; it differs in different situations. The name given to a variety of a language distinguished according to use is ‘register’”.

Das palabras anteriores dedúcese que a concepción de *dialecto* de Halliday resulta ampla e comprensiva. Unha visión deste tipo permite interpretar a diversidade dialectal tanto coma un resultado da distancia xeográfica e o aillamento histórico de grupos humanos que, por conseguinte, a penas realizaron intercambios comunicativos entre si, coma o resultado da distancia social e económica entre individuos que, pese a cohabitar no mesmo espazo físico, utilizan variedades lingüísticas moi diferenciadas. As diferencias entre dialectos histórico-rexionais, propios das sociedades rurais, límanse debido ao poder uniformador dos medios de comunicación audiovisuais, que estenden o coñecemento da variedade estándar. Sen embar-

<sup>19</sup> William Labov (1972: 229-232) diferencia entre cambio lingüístico dende arriba, ou por enriba do nivel da conciencia social, de cambio lingüístico dende abaixo ou por debaixo do nivel da conciencia social. O primeiro iníciase por causa dunha corrección esporádica ou irregular das formas lingüísticas tratando de reconducilas ao modelo do grupo de maior prestixio. O segundo comeza como unha xeneralización dunha nova forma lingüística a todos os membros do subgrupo, sen que esta amose ningunha pauta de variación estilística.

<sup>20</sup> Véxanse os traballos xa citados de Zamora Vicente (1952), Santamaría Sande (1966) e Mourinho Cajide (1984), así coma o de Graña Nuñez (1983), Regueira Fernández (1989) e Fernández González (1981: 56-66).

<sup>21</sup> A súa codificación como variante estándar figura nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas nunha sesión conxunta entre a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega o 3 de xullo de 1982.

go, nas sociedades urbanas, a diversidade sociolectal ten a función de reflectir e perpetuar a xerarquía social (Kroch, 1978), polo que adoita vencer a presión e o predominio constante dos media. Os rexistros, pola súa banda, son o resultado das diferentes situacións sociais -e por iso do tipo de actividades sociais que ten lugar en cada situación- en que un mesmo usuario toma parte.

A dimensión do usuario e a dimensión do uso atópanse tan intimamente relacionadas que dificilmente poderemos analizar unha delas sen facer alusión á outra. Unha variable diferenciadora de dialectos rexionais pode presentar ademais estratificación social e, conseguintemente, ser utilizada para marcar rexistros de lingua<sup>22</sup>. As páxinas que seguen farán eco dunha das máximas de Bell (1984: 151), para xustificar a análise da variación estilística da gheada (unha das variantes dialectais do galego que mellor reflicte a, frecuentemente, íntima relación entre diversidade xeográfica, social e situacional):

“Variation on the style dimension within the speech of a single speaker derives from and echoes the variation which exists between speakers on the ‘social’ dimension”.

A observación da alternancia **g/h** realizouse a partir das puntuacións medias obtidas por cada adolescente nas seguintes variables:

- *Uso da gheada cos pais*
- *Uso da gheada co profesor de galego*
- *Uso da gheada cos amigos en momentos de ocio*
- *Uso da gheada para expor un traballo na clase de galego*

As puntuacións medias de cada variable están comprendidas entre 1 e 4, indicando cada unha a frecuencia con que os usuarios introducen a gheada na conversación:

1. Nunca
2. Case nunca
3. Case sempre
4. Sempre

O 1 expresa unha frecuencia cero ou ausencia total de gheada e o 4 a frecuencia máis alta de uso de **h**; unha puntuación de 2.5 indicará un nivel de uso intermedio, é dicir a utilización de, aproximadamente, o mesmo número de **h** ca de **g**<sup>23</sup>. Polo tanto, canto máis próximas estean as medias de 4 en maior medida se utilizará a variante **h** e canto máis próximas estean de 1, en maior medida se utilizará a variante **g**.

A ordenación das escenas ao longo da dimensión formal/informal e a diferente presenza que diversas variantes dunha mesma variable teñen nesta dimensión parece seguir princi-

<sup>22</sup> A clasificación das súas variantes adoita reproducir o espectro social: a *alta* indica unha posición social superior e/ou a un contexto lingüístico [+formal] e a *baixa* unha posición social inferior e/ou un contexto lingüístico [-formal]).

<sup>23</sup> Convén lembrar que se trata da estimación dos enquisados sobre o seu propio nivel de utilización de **g** e **h**, polo que os resultados non deben considerarse fielmente representativos das frecuencias reais de uso.

prios universais, pero os factores que definen o nivel de formalidade dunha situación e a importancia de cada un deles depende de variables socioculturais<sup>24</sup>. Unha das esixencias metodolóxicas do estudio da variación estilística é a clasificación previa das diversas situacións nas que a variable a investigar aparece, feito que, á súa vez, require unha interpretación axeitada do concepto de *formalidade situacional*. Tal interpretación debe eludir establecer categorizacións discretas entre elementos, isto é, a exclusión ou inclusión dunha situación dentro das categorías *formal/informal* en virtude dos principios de condición necesaria e suficiente. Dado que o interior de cada compoñente situacional (tipo de actividade, tema, relación interpersonal, finalidade, etc.) tampouco se estrutura categoricamente, senón a partir dunha serie de atributos (p.e. o grao de intimidade persoal ou distanciamento social entre interlocutores) dos que a presenza/ausencia é gradual, poden existir numerosos puntos de intersección entre situacións, o que esixe que a clasificación das mesmas se faga de xeito relativo, segundo a súa posición no continuum de formalidade<sup>25</sup>.

A posición relativa no continuum de formalidade das catro situacións introducidas nesta investigación realizouse a partir dos atributos de dous dos seus compoñentes: o *tipo de actividade* e a *relación entre participantes*. A exposición dun traballo na aula caracterízase por ser unha actividade eminentemente narrativa onde o monólogo ou a lectura desempeñan un papel fundamental e onde existe unha relación de distanciamento entre público e expositor; a presión psicolóxica da escena comunicativa é o suficientemente elevada como para constringir a fala espontánea. Fronte a estas situacións, as interaccións con pais e amigos son normalmente de carácter privado e realízanse en forma de diálogo -cos conseguintes solapamentos, interrupcións, cambios de turno, etc.-, a relación entre participantes caracterízase por un elevado nivel de intimidade e confianza e defínese máis en termos persoais ca sociais, é dicir, salientando os atributos estables da personalidade dos individuos e as súas actitudes ou estados emotivos temporais máis cá súa condición de membros dun grupo social. Os intercambios cos pais realízanse en boa medida dentro do fogar, polo que a escena comunicativa terá moi pouco poder constrictivo sobre a fala espontánea e un elevado grao de familiaridade. A relación entre participantes e o tipo de actividade que caracteriza as interaccións alumno-profesor probablemente sexan as que ofrecen maiores dificultades para a súa clasificación, dada


<sup>24</sup> Halliday (1978) distingue entre *campo, modo e tenor* que responden, respectivamente, ao tipo de actividade que implica unha situación ou tema, á canle utilizada ou á finalidade que se persegue coa interacción (estética, publicitaria, explicativa...) e, finalmente, á relación entre os participantes.

<sup>25</sup> Probablemente o marco máis axeitado para interpretar o nivel de formalidade situacional se atope no seo da teoría dos prototipos. Esta teoría admite a existencia dun espazo continuo tanto para graduar o salto dunha categoría a outra como para estruturar o interior de cada categoría. Dentro da categoría *+formal* haberá unha serie de situacións con diferentes propiedades aquela que máis se semelle a unha situación formal exemplar -prototípica- ocupará un lugar central dentro da categoría; as demais localizaranse tanto máis afastadas do membro central canto menores sexan as propiedades compartidas co dito membro, ata chegar á situación que máis se asemelle a un exemplar prototípicamente *informal*, a cal ocupará, así mesmo, un lugar central dentro da categoría *+informal*. Unha útil introducción á teoría dos prototipos e á súa aplicación á teoría lingüística atópase en Teresa Moure (1993).

a variedade de atributos de que poden participar. En primeiro lugar, na relación entre interlocutores poden ser salientados tanto os roles sociais como as actitudes e cualidades individuais; en segundo lugar, o tipo de actividade desenvolvida cando se fala co profesor pode adoptar a forma de diálogo, de interrogatorio -o profesor pregunta e o alumno responde- ou un monólogo -o alumno explica unha serie de feitos a instancias do profesor-, polo que o nivel de constricción normativa que exerce a escena comunicativa sobre o falante variará segundo as diferentes combinacións entre relación interpersoal e tipo de actividade, pero en calquera caso tenderá a ser maior cá existente nos intercambios cos pais ou cos amigos -que normalmente son considerados membros do propio grupo.

Na figura 1 figura representado o lugar que ocuparía cada unha das catro situacións anteriores no continuum de formalidade, de acordo co anteriormente dito. Dado o considerable número de atributos compartidos polos intercambios con pais e amigos e a conseguinte dificultade para atribuírlles cadansúa posición no continuum, estas dúas situacións comunicativas foron colocadas nun mesmo punto:

**Figura 1.**



O gráfico 1 presenta as medias de uso da gheada dos galegofalantes habituais -é dicir dos individuos que afirman falar única ou predominantemente galego<sup>26</sup>-. Obsérvase que o maior nivel de uso se produce nas interaccións cos pais, onde parece ser algo máis frecuente a introducción de **h** cá de **g** ( $x=2.62$ ). Nos intercambios cos amigos, aínda que a presenza da gheada segue sendo innegable ( $x=2.49$ ) é menos frecuente ca nos intercambios cos pais e a súa frecuencia parece ser algo menor cá da forma alternativa **g**. No contexto escolar a aparición da gheada atópase considerablemente reducida respecto ás dúas situacións anteriores, resultando bastante menos frecuente nunha exposición académica ca nas interaccións co profesor de galego.

A relación entre presenza de gheada e tipo de situación comunicativa parece confirmar que a frecuencia de aparición de **h** depende en boa medida do grao de formalidade da situación, de modo que canto máis formal sexa esta en menor medida se introducirá a variante **h**. Aínda que escaso, existe, sen embargo, un descenso do uso da gheada nas interaccións cos amigos respecto ás que se efectúan cos pais, que non semella oportuno interpretar recorrendo ao concepto de formalidade situacional. Neste caso a elevada familiaridade entre falante e oínte que conlevan as interaccións cos pais, o feito de que frecuentemente se produzan no interior do fogar -no mesmo dominio onde as variantes vernáculas foron aprendidas de xeito


<sup>26</sup> Ao eliminar desta análise os que afirman falar só castelán e máis castelán ca galego, a mostra queda reducida a 80 suxeitos.



espontáneo e natural- e a posible existencia de acomodación lingüística cando os amigos cos que se interacciona son castelanfalantes ou galegofalantes non gheadófonos, poden ser razóns decisivas para que as aparicións de **h** sexan máis frecuentes cos pais ca cos amigos.

Gráfico 1

*Medias de uso da gheada en diversas situacións comunicativas\**



\* 1 'nunca'; 2 'case nunca'; 3 'case sempre' 4 'sempre'

As pautas de distribución de **h** nas catro situacións comunicativas permítenos presupoñer que a introducción desta forma nunha determinada situación implicará a súa introducción en todas aquelas situacións menos formais cá primeira. Para simplificar a casuística de datos e facer posible a construción dunha escala implicacional<sup>27</sup>, os catro valores das variables foron reducidos a dous sumando as respostas 'sempre' + 'case sempre' por unha banda, e 'nunca' + 'case nunca' pola outra. O resultado é unha variable con dous valores: 'si' e 'non'.

<sup>27</sup>

Este tipo de escalas permiten establecer relacións predictivas entre a elección dunha ou outra variante lingüística a partir do coñecemento dos factores que compoñen a situación social. A ocorrencia dunha categoría particular no interior dunha cela implica o ocorrencia dunha determinada categoría á esquerda e a dereita da mesma. Naturalmente estas escalas cómpre interpretalas en termos de probabilidades.

**Táboa 1.** *Escala implicacional: 'aparición da gheada en distintas situacións'*

NÚMERO DE ENQUISADO	EXPOSICIÓN	PROFESOR	AMIGOS	PAIS
E1	h	h	h	h
E2	h	h	h	h
E3	h	h	h	h
E4	h	h	h	h
E5	h	h	h	h
E6	h	h	h	h
E7	h	h	h	h
E8	h	h	h	h
E9	h	h	h	h
E10	h	h	h	h
E11	g	h	h	h
E12	g	h	h	h
E13	g	h	h	h
E14	g	h	h	h
E15	g	h	h	h
E16	g	h	h	h
E17	g	h	h	h
E18	g	h	h	h
E19	g	h	h	h
E20	g	h	h	h
E21	g	h	h	h
E22	g	h	h	h
E23	g	h	h	h
E24	g	h	h	h
E25	g	h	g	h
E26	g	h	g	g
E27	g	h	g	g
E28	g	h	g	g
E29	g	h	g	g
E30	g	g	h	g
E31	g	g	h	g
E32	g	g	h	g
E33	g	g	h	g
E34	g	g	h	g
E35	g	g	h	h
E36	g	g	h	h
E37	g	g	h	h
E38	g	g	h	h
E39	g	g	h	h
E40	g	g	h	h
E41	g	g	h	h
E42	g	g	h	h
E43	g	g	h	h
E44	g	g	g	h
E45	g	g	g	h
E46	g	g	g	h
E47	g	g	g	h
E48	g	g	g	h
E49	g	g	g	h
E50	g	g	g	h
E51	g	g	g	h
E52	g	g	g	g
E53	g	g	g	g
E54	g	g	g	g
E55	g	g	g	g
E56	g	g	g	g
E57	g	g	g	g
E58	g	g	g	g
E59	g	g	g	g
E60	g	g	g	g
E61	g	g	g	g
E62	g	g	g	g
E63	g	g	g	g
E64	g	g	g	g
E65	g	g	g	g
E66	g	g	g	g
E67	g	g	g	g
E68	g	g	g	g
E69	g	g	g	g
E70	g	g	g	g
E71	g	g	g	g
E72	g	g	g	g
E73	g	g	g	g
E74	g	g	g	g
E75	g	g	g	g
E76	g	g	g	g
E77	g	g	g	g
E78	g	g	g	g
E79	g	g	g	g
E80	g	g	g	g

A táboa anterior, lida de esquerda a dereita, amosa que só 10 dos 80 suxeitos da mostra (12.5%) introducen a gheada cando expoñen un traballo na clase de galego, e deles todos a utilizan nas restantes situacións. Hai un 35.2% de galegofalantes que usan a gheada para falar co profesor (N=29); a grande maioría destes, concretamente un 82.8% utilízaa así mesmo para falar cos amigos, e un 89.3% introdúcea nas interaccións cos pais. Finalmente, un 47.5% do total de galegofalantes di utilizar a gheada para falar cos amigos (N=38), entre os cales hai un 92% que afirma utilizala tamén nas interaccións cos pais. De dereita a esquerda, sen embargo, o resultado da implicación non é tan evidente. Hai 44 enquisados que estiman usar a gheada cos pais, dos cales un 81.5% tamén a usan cos amigos; non obstante, neste caso existe unha porcentaxe considerable de suxeitos que utilizan a variante **h** cos pais e **g** co profesor (42%), que se fai realmente elevada no caso dos que usan **h** cos pais e **g** para expor un traballo na clase de galego (74.4%). Entre os que din utilizar a gheada para falar cos amigos, un 38.5% introduce a variante **g** para falar co profesor e un 74.4% na exposición. Finalmente, dos que utilizan **h** nas interaccións co profesor, un 65.5% utiliza a forma de prestixio **g** na exposición.

Estes datos parecen sustentar a hipótese de que a presenza de **h** nun punto específico do continuum de formalidade implica a súa presenza en todos aqueles localizados á dereita do primeiro que, neste caso, están máis preto da situación tipicamente informal. O feito contrario, representado pola ausencia de **h** nun punto do continuum e a súa presenza en todos aqueles localizados máis á esquerda, polo tanto máis preto da situación tipicamente formal, non resulta tan altamente predicible (lémbrese que as porcentaxes de **h** son considerablemente máis baixas e as de **g** máis altas ca na primeira relación). Por outra banda, tampouco resulta factible predicir cal será a conducta lingüística dun individuo que non usa a gheada nunha situación, cando participa en intercambios menos formais, posto que o seu abandono progresivo por parte dos adolescentés e a continua penetración da alternativa **g** nos contextos máis informais, fai posible un abano de casos que vai dende os suxeitos que usan sempre **g** independentemente da formalidade do contexto ata os que alternan **g/h** neste mesmo tipo de situacións.

Ademais do anteriormente dito, cómpre salientar que 28 dos 80 individuos galegofalantes obxecto de investigación non utilizan a gheada en ningunha das situacións mencionadas, o que supón un 35% do total de galegofalantes -porcentaxe un tanto elevada se se ten en conta que 40.7% dese 35% ten pais gheadófonos<sup>28</sup>-. É moi probable que estes suxeitos que están abandonando a gheada en situacións onde a atención á fala é mínima e os signos de identidade grupal non se reprimen senón que se salientan, a abandonen completamente para comunicarse cos seus fillos. Non parece aventurado dicir, xa que logo, que se está a producir

<sup>28</sup> O 67% dos pais gheadófonos pertence a un dos seguintes grupos profesionais: o 22% son agricultores ou mariñeiros, o 27% obreiros cualificados e o 18% obreiros sen cualificar. No tocante ao hábitat de residencia, o 69.5% vive en aldeas e o 28.8% en vilas. Esta distribución de hábitat e grupo profesional ofrece unha idea da procedencia social dos informantes que teñen a gheada coma forma vernácula.

un cambio lingüístico consistente na penetración e extensión crecente do son [g] na área xeográfica caracterizada pola presenza de [h], feito que, seguindo ás explicacións estruturalistas sobre a súa aparición, supón a reincorporación ao sistema do son orixinario que hai uns séculos evolucionou a [h]<sup>29</sup>. Aínda que se admita o presuposto da fonoloxía funcionalista de que o cambio se produce aproveitando un punto débil no sistema fonolóxico<sup>30</sup>, na actualidade os factores externos están actuando decisivamente na aceleración da extensión da variante **g**. Entre tales factores débense salientar os cinco séculos de contacto cunha lingua superposta á galega cultural e administrativamente, a existencia dun modelo de galego estándar, sen gheada, potenciado polas escolas, os medios de comunicación e a administración e, de forma indirecta, a ruptura da transmisión interxeracional do galego -os castelanfalantes iniciais que co tempo incorporen o galego ás súas prácticas comunicativas utilizarán o sistema sen gheada, aínda que teñan pais gheadófonos. Nun nivel microsociolingüístico, a extensión da variante **g** ten que ser interpretada á luz da cantidade e calidade dos intercambios comunicativos de cada individuo e as esixencias que estes intercambios lle imponen ao mesmo. As redes sociais abertas e difusas, propias das sociedades urbanas, favorecen a existencia de intercambios con non-membros do grupo (cfr. Milroy 1980)-castelanfalantes ou galegofalantes non gheadófonos- propiciadores de procesos de acomodación lingüística que, co paso do tempo, desembocan no completo abandono da variante propia. Estes procesos orixínanse especialmente cando as formas implicadas están altamente estigmatizadas e, polo tanto, recae sobre elas un alto nivel de consciencia lingüística -adoitan ser marcadores de estilo.

Na vida diaria os compoñentes das situacións tenden a variar conxuntamente, sendo tan intensa a interrelación que manteñen entre si que o cambio dun deles pode producir unha alteración en todos os demais. Bell (1984) sostén que a variación estilística de acordo con factores non persoais (tema, modo, lugar ou finalidade) deriva da influencia da audiencia, xa que se determinados temas ou marcos provocan variación estilística é porque se asocian a clases de persoas. Esta visión resulta un tanto reduccionista, posto que deixa sen resolver a variación estilística que se produce cando os participantes na comunicación son os mesmos. En efecto, o tipo de escala utilizado nesta investigación permitiu deducir que existe un emprego

<sup>29</sup> No sueco existiu un fenómeno de iniciación e posterior retroceso dun cambio lingüístico semellante a este. Un antigo cambio iniciado no século XIV produciu a perda de [d] en posición final de palabra; sen embargo nun recente estudio realizado en Estocolmo indícase que se omite menos agora o [d] final cá hai 15 anos. Como causa fundamental deste retroceso Aitchinson (1991) menciona o aumento da alfabetización que fai que os suecos teñan como modelo a forma escrita das palabras (con **d** final).

<sup>30</sup> Os sistemas lingüísticos, particularmente no terreo dos sons, teñen preferencia polos modelos formais ben ordenados, presentando unha forte tendencia á simetría dos sistemas fonolóxicos que produce un ordenamento das consoantes en parellas ou grupos de dous, de tres, etc. A orde velar do galego sen gheada está constituída só por dous membros, fronte á dental e labial, formada por tres. A oposición /k/:/g/, aínda que forma parte dun sistema máis débil, está ben trabada, posto que é unha oposición bilateral, privativa e proporcional (este tipo de oposicións son as que fan coherente e equilibrada a estrutura dun sistema fonolóxico (cfr. Alarcos Llorach: 1986). Sen embargo o sistema con gheada está composto dun só elemento na orde velar /k/ e dun só elemento na orde faringal /h/, que manteñen entre si unha oposición multilateral, equipolente e illada.

inestable da gheada en todas as situacións situadas a un lado ou outro do continuum de formalidade sen que haxa variación de interactantes -todos aqueles que din usala case sempre ou non usala case nunca-, polo que deben ser excluídos como axentes de variación. A diminución das frecuencias de uso da gheada na conversación co profesor respecto a outras situacións pode ser atribuíble á categoría social á que pertence como individuo, pero esta variable non explica o feito de que unhas veces se empregue con él esta variante e outras non, nin a marcada redución do seu uso para realizar unha exposición dun traballo ante unha audiencia que está formada polos mesmos suxeitos que noutras situacións son compañeiros e amigos. Resulta evidente que clasificar as persoas dentro de reducidas clases e subclases sociolóxicas corre o perigo de sobresimplificar a complexidade de roles e relacións cos demais que un mesmo individuo adoita desempeñar no seo dunha sociedade. Os papeis atribuídos aos participantes da interacción baseándose na súa autoridade, clase ou distanciamento social, non son sempre atributos estables dos mesmos ou das relacións entre eles, senón que dependen das imposicións do tema de comunicación, dos propósitos comunicativos ou do tipo de actividade implicada. Polo tanto, estes últimos factores, aínda que indirectamente, tamén inciden no cambio de estilo.

A relación co interlocutor pode ser concebida dende unha perspectiva socioinstitucional ou interindividual, ou sexa, en termos dos roles sociais que establecen as formas organizativas da sociedade ou a través de relacións negociadas dependentes de actitudes persoais (Brown e Fraser 1989). Se prevalecen os primeiros sobre as segundas os respondentes elixirán con maior probabilidade as formas que a sociedade considera apropiadas para unha interacción formal; do contrario as formas elixidas serán as que caracterizan o modo oral espontáneo, que ten como finalidade prioritaria da comunicación reforzar os lazos entre participantes e no que a atención á fala é mínima. O emprego de **h** ou **g** co profesor, por exemplo, debe ser entendido en base aos múltiples roles sociais que pode desempeñar e ás subseguintes relacións persoais que mantén cos alumnos. En calidade de docente e educador, que ten medidas punitivas no seu poder e que controla o rendemento académico para ofrecer premios e castigos, salientárase a distancia social e a diferenza de estatus, polo que a interacción tenderá a ser interpretada como formal. Pero en calidade de amigo ou 'colega', que organiza actividades extracurriculares e participa en encontros deportivos cos alumnos, primáranse as relacións persoais sobre as socioinstitucionais, e a fala espontánea -que nas áreas ás que pertencen os informantes desta investigación ten inevitablemente gheada- xurdirá cunha maior probabilidade.

Deixando á marxe o papel das actitudes e valores individuais, parte dos cales analizarei máis adiante, ou a adhesión a determinadas formas lingüísticas no intre de enfrontarse a unha situación comunicativa, a elección das variantes **h** ou **g** na presente mostra, semella estar especialmente condicionada polo tipo de relación entre os participantes, a finalidade da interacción e o tema de conversación. O feito de que un mesmo individuo alterne a utilización de **h** e **g** nunha mesma situación demostra que non só poden existir situacións ambiguas

e de difícil interpretación, senón que unha mesma situación pode ser redefinida en base a algún dos compoñentes anteriores<sup>31</sup>. O evidente aumento do uso da gheada na conversación con pais e amigos respecto a outro tipo de situacións máis formais é un claro indicio de que este fenómeno funciona como marcador conversacional de intimidade e familiaridade, polo cal a elección entre **h** e **g** noutro tipo de situacións que non poden ser clasificadas como íntimas nin familiares -no presente caso, falar co profesor de galego ou expoñer un traballo na clase- dependerá de como se interprete algún -ou varios- dos elementos definitorios da situación (a relación interpersoal, a finalidade da interacción ou o tecnicismo do tema), habida conta de que debe preverse a posibilidade de que a relación interpersoal e/ou a finalidade da interacción e, como consecuencia, a situación comunicativa en conxunto, sexan reinterpretadas dentro dunha mesma interacción. Neste caso, o tipo de actividade desenvolta, o tema de exposición (técnico) e a finalidade da mesma (normalmente didáctica) provocan un reordenamento nos roles dos participantes, de xeito que os que noutras ocasións eran compañeiros e amigos pasan agora a ser público, e o profesor que noutro momento e lugar pode ser compañeiro de equipo agora convértese en avaliador.

### **3.2. Actitudes cara ao uso da gheada segundo a situación comunicativa.**

As variables lingüísticas que manifestan variación estilística adoitan ser obxecto de valoración polos membros da comunidade, xa que a valoración está na orixe mesma do cambio de estilo. Os tipos abertos de valoración son consecuencia das normas, convencionais, que caracterizan a cada comunidade lingüística, en virtude das cales se decide a adecuación de cada unidade lingüística (sexa fonética, morfolóxica, léxica ou sintáctica) para clases específicas de situacións. As formas lingüísticas son, pois, formas culturais por excelencia, como demostra o consenso xeral entre os membros dunha comunidade de fala sobre as características e distribución potencial das mesmas, consenso que inflúe na conducta verbal dos individuos de forma predicible (Boock: 1968). Normalmente a variedade estandarizada dunha lingua é a mellor valorada en termos de prestixio social, a que se utiliza nas conversacións formais e a que impulsan e promoven os medios de comunicación, o sistema escolar, a administración pública, etc. As variedades dialectais, adquiridas durante a infancia no dominio familiar, resérvanse para as interaccións que se producen nese mesmo ámbito, entre íntimos ou entre iguais, dotando a conversación dun claro ton de informalidade. A súa valoración é normalmente expresión da solidariedade e identidade intragrupal, máis ca soporte do estatus social.

As investigacións sobre as actitudes cara ao estilo de fala adoitan circunscribirse a un ou varios dos seguintes eidos, por outra parte dificilmente afastables:

<sup>31</sup> A ambigüidade dunha situación depende do grao de constricción normativa de que estas sexan obxecto. Nalgunhas situacións a permisibilidade de variación é moito máis ampla ca noutras. Xeralmente as intervencións públicas ou as circunscritas a certos ámbitos (entrevistas de traballo, igrexa, informativos, etc.) forman situacións altamente constrinxidas, onde a variación opcional é moi reducida.

1. Actitude a preferir unha forma lingüística ou outra en xeral.
2. Actitude a preferir unha forma lingüística ou outra para un determinado contexto
3. Axustes do estilo do falante respecto do do oínte (converxencia ou diverxencia lingüística)<sup>32</sup>.

Neste apartado analizaranse as actitudes expresadas polos suxeitos da investigación verbo dos dous primeiros puntos: actitude xeral a preferir **g** en lugar de **h** para todo tipo de situacións comunicativas, e a actitude a preferir **g** segundo o tipo de situación de que se trate, observando como se relacionan co compoñente conductivo das mesmas e como a condición de membro grupal inflúe na valoración do fenómeno<sup>33</sup>.

Para a medición das actitudes utilicei unha escala *Likert*, con catro valores que expresan a posición de cada suxeito, desde a máis favorable para a gheada ata a máis desfavorable: *totalmente de acordo* (TA), *bastante de acordo* (BA), *bastante en desacordo* (BD), *totalmente en desacordo* (TD). Cada valor está asociado a unha puntuación comprendida entre 1 e 4, que é tanto máis alta canto máis favorable é a actitude individual para o uso da gheada: o 1 correspóndese co valor TD, o 2 con BD, o 3 con BA e o 4 con TA. Os items actitudinais foron redactados de forma categórica, para provocar a reacción afectiva dos suxeitos. Analizar as actitudes cara ao uso da gheada segundo o contexto comunicativo de xeito integral requiría a introducción de items que abordasen situacións propiciatorias tanto do discurso elaborado como do modo oral espontáneo, polo que a batería quedou como segue:

- *As persoas que teñen gheada no seu sistema deberían evitar usala.*
- *O galego sen gheada é máis axeitado có galego con gheada para falar en público.*
- *O galego sen gheada é máis axeitado para falar na casa có galego con gheada.*

<sup>32</sup> Esta categoría resulta de sumo interese como explicación do proceso de cambio lingüístico. Desde este punto de vista foi utilizada, con lixeiras variacións, por Trudgill (1986), Bell (1984), Street & Hopper (1982), Coupland (1984), Giles (1971, 1984, 1991).


<sup>33</sup> Non me vou deter aquí nas distintas teorías sobre a natureza e estrutura interna das actitudes lingüísticas. Expresarei simplemente a miña adhesión metodolóxica ás escolas mentalista e multicompoñencial. Consecuentemente, interpreto as actitudes como estados mentais e neuronais de disposición a reaccionar, organizados a través da experiencia, os cales condicionan a resposta do individuo ante obxectos e situacións (Allport, 1935: 798-844). Defendo, ademais, a súa estruturación en tres compoñentes: *avaliativo*, *cognitivo* e *conductual*. O compoñente avaliativo está intimamente vencellado á afectividade, ós sentimentos a favor ou en contra dun obxecto (neste caso un 'obxecto lingüístico' pertencente ao sistema fonético-fonolóxico do galego); o compoñente cognitivo pode definirse coma o coñecemento que un individuo posúe verbo do obxecto da actitude; finalmente, o compoñente conductual é a tendencia a reaccionar cara aos obxectos dunha determinada maneira. Aquí sería esperable que os suxeitos que consideran a gheada axeitada para utilizar en situacións formais a utilizasen nesas mesmas situacións e á inversa. Sen embargo, as investigacións feitas no eido das actitudes humanas demostraron que non sempre hai unha relación coherente entre o compoñente avaliativo e conductivo das actitudes (Lapiere, 1934), e que existen factores intermedios como a *intención conductual*, a *actitude individual* ou a *norma subxectiva* (Ajzen e Fishbein, 1980), que poden desviar a dirección inicial dunha conducta.

- *O galego sen gheada é máis axeitado para falar cos amigos có galego con gheada.*
- *O galego sen gheada é máis axeitado có galego con gheada para entrevistarse cunha persoa importante.*

No gráfico 2 figuran as medias actitudinais dos castelanfalantes (monolingües ou bilingües con predominio do castelán), dos galegofalantes (monolingües ou bilingües que falan predominantemente galego) que non utilizan a gheada para falar cos pais e, finalmente, dos galegofalantes (monolingües ou bilingües) que utilizan a gheada cos pais. En todos os sub-grupos se detecta unha preferencia da variante **g** para falar en público e para entrevistarse cunha persoa importante, preferencia que diminúe para falar cos amigos e especialmente para falar na casa. Sen embargo, existe unha sensible diferenca actitudinal segundo o grupo de que se trate. Mentres os galegofalantes gheadófonos consideran tan apropiada a variante **h** coma **g** para falar na casa e cos amigos, os castelanfalantes cren que a variante **h** é tan axeitada coma **g** para falar na casa, pero prefiren **g** para falar cos amigos. Finalmente os galegofalantes non gheadófonos son os que amosan actitudes menos favorables cara ao uso da gheada, preferindo a variante **g** en todas as situacións mencionadas.

**Gráfico 2**

*Medias actitudinais cara ao uso da gheada en distintas situacións comunicativas\**  
*"O galego sen gheada é máis axeitado para falar..."*



\* 1 'TA'; 2 'BA'; 3 'BD' 4 'TD'




Cómpre diferenciar, sen embargo, o que é unha actitude globalmente negativa do que é unha actitude relativamente negativa respecto dun fenómeno lingüístico, polo cal separarei as opinións dos tres subgrupos lingüísticos sobre a conveniencia de evitar a gheada en tipos concretos de interaccións do que é un rexeitamento absoluto e indiscriminado do son, que aquí foi medido a través da variable *as persoas que falan con gheada deberían evitar usala*.

As medias obtidas nesta última variable (gráfico 3) indican que os galegofalantes non ven favorablemente que as persoas que falan con gheada deixen de utilizala, mentres os castelanfalantes non teñen unha actitude tan positiva cara á conservación da mesma ( $x=2.43$ ). Dentro dos galegofalantes, a actitude dos que normalmente utilizan a gheada para falar cos pais é bastante máis favorable ( $x=3.21$ ) cá dos que non a utilizan nunca ou case nunca ( $x=2.71$ ).

**Gráfico 3**

*Medias actitudinais cara o uso da gheada\**  
*"As persoas que falan con gheada deberían evitar usala"*



\* 1 'TA'; 2 'BA'; 3 'BD'; 4 'TD'

As actitudes ata aquí examinadas amosan, por unha banda, unha variación considerable segundo o grao de proximidade a esta variedade do galego e, pola outra, segundo a situación particular en que a introducción da gheada se contextualiza. Nos gráficos anteriores parece claro que os galegofalantes gheadófonos posúen as actitudes máis positivas de todos os grupos cara ao feito de introducir a gheada nas interaccións entre iguais, en situacións comuni-

cativas onde a elección das formas lingüísticas se produce relaxadamente, e as menos negativas ante o seu uso en situacións formais, definidas por unha relación de distanciamento ou desigualdade entre interlocutores (entrevista) ou polo predominio do discurso elaborado (fala pública). Coherentemente, son tamén os que amosan o grao máis elevado de defensa e adhesión ao seu dialecto, manifestada polo seu desacordo co feito de que os galegofalantes con gheada teñan que evitar usala. Dos tres grupos lingüísticos, os galegofalantes non gheadófonos son os que en maior medida prefiren a variante **g** para contextos concretos (gráfico 2), superando incluso ós castelanfalantes, pero amosan unha adhesión á gheada maior cá daqueles na variable *as persoas que falan con gheada deberían evitar usala*. Finalmente, só os castelanfalantes están bastante de acordo co feito de que a xente que fala con gheada deixe de utilizala -aínda que, como vimos no gráfico 2 non consideraban máis axeitada a variante **g** cá **h** dentro do dominio familiar.

A existencia dun rexeitamento claro da gheada para situacións formais por todos os subgrupos lingüísticos demostra que esta variante non forma parte do modelo idiomático que se considera axeitado en contextos onde os roles sociais adquiren unha importancia extrema en detrimento dos roles individuais e onde a relación interpersoal está marcada polo distanciamento. A relación desigual que a miúdo se establece entre os interlocutores neste tipo de situacións convérteas en marcos de especial transcendencia para a promoción e o avance social, pero a gheada non se acepta como parte da variedade lingüística que se debe utilizar para acadar a dita promoción social. O rexeitamento existente deste rasgo dialectal neste tipo de situacións por parte do grupo gheadófono pode ser interpretado coma o resultado da aceptación da hexemonía e autoridade lingüística do grupo dominante (Bourdieu: 1982)<sup>34</sup>, naturalmente non gheadófono.

Sen embargo, nas situacións coloquiais, os principios de valoración lingüística adoitan ser moi distintos e, cando as interaccións son intragrúpsais, incluso poden ser totalmente contrarios, como nos ven confirmando a sociolingüística saxona e americana a través da noción de *prestixio encuberto*<sup>35</sup>. Neste tipo de contextos tenden a neutralizarse os roles sociais dos interlocutores, primando sobre eles as relacións persoais que adoitan ser igualitarias. A identidade grupal, por outra banda, pode adquirir unha extraordinaria relevancia, de modo que,

<sup>34</sup> Para Bourdieu a escola desempeña un papel fundamental no establecemento da lexitimidade e autoridade das formas lingüísticas máis escasas e sen embargo altamente valoradas e na inculcación do recoñecemento universal da autoridade lingüística a través dos cursos, masters, gramáticos e produtores literarios. Kathryn Woolard (1985: 742), para explicar a alta valoración do uso do catalán tanto na dimensión do estatus como na da solidariedade durante o réxime franquista, concédelle máis importancia ao monopolio económico ca ao papel institucional: "Our attention is -or I argue, should be- forced back to the effects of primary economic relations on arrangements for everyday living, and on the informal structures of experience in daily life"

<sup>35</sup> Este termo foi introducido por William Labov (1966) para referirse ás connotacións favorables das formas non estándares ou aparentemente 'incorrectas'. Estas formas sustentan o seu estatus na condición de membros da comunidade dos seus usuarios e en cualidades desexables dos mesmos como a amizade e a lealdade.

dentro das posibilidades que ofrece o eixe paradigmático, o individuo prefira as variantes lingüísticas que máis o identifiquen co seu grupo lingüístico -polo tanto social- de procedencia.

A metáfora do establecemento do prezo de Bourdieu (1982) resulta de suma utilidade para interpretar a existencia de forzas encontradas no proceso de valoración das formas lingüísticas. Nos mercados oficiais e formais, o prezo da actuación lingüística é alto, os estándares son altos e, polo tanto, a tensión que produce a forma lingüística correcta é alta. Na medida en que un intercambio deixa de ser dominado polos falantes autorizados, o prezo dos produtos lingüísticos dominantes devalúase mentres o das formas lingüísticas do propio grupo aumentan. Esta teoría dá resposta ao aumento da valoración da gheada en situacións informais; resulta tan importante producir as formas vernáculos nos espazos privados como a forma oficial nos dominios formais; non facelo así pode conducir á desaprobación e castigo social (Woolard 1985).

### CONCLUSIÓNS.

Dous aspectos fundamentais que fan posible a existencia dunha variedade estándar son o coñecemento do dito estándar e o recoñecemento e aceptación do mesmo. As testemuñas literarias do século pasado que recollen este risco dialectal para caracterizar rústicos ignorantes e os xuízos de valor emitidos incluso en obras onde se presenta o fenómeno dende un punto de vista científico demostrannos que constitúe un estereotipo lingüístico altamente estigmatizado. Cando se elaborou a variedade do galego común concedéuselle o estatus de alternativa estándar, pero segue sen ser obxecto da mesma valoración que se atoparía no caso dunha forma estándar, nin é tampouco utilizada nas situacións comunicativas que reclaman esta variedade. Coma toda forma dialectal adquirida durante a infancia, utilízase máis frecuentemente cando os intercambios comunicativos se producen entre iguais, en situacións que teñen como marca esencial a intimidade e a familiaridade entre interlocutores (independentemente do tema ou do marco). A presenza da mesma descende sensiblemente cando o interlocutor non é un membro grupal nin, probablemente, da comunidade (o profesor), ou cando a situación sustenta un elevado grao de ritualización e institucionalización (unha exposición pública).

Esta tendencia á diminución da presenza de **h** na medida en que o grao de formalidade da situación aumenta e a forte asociación entre a súa aparición e o núcleo familiar ou o grupo de amigos fai deducir que, alomenos entre a poboación moza, a gheada funciona como un marcador lingüístico no sentido laboviano, é dicir, como indicador dunha serie de rasgos sociolóxicos do individuo (que neste caso son a procedencia xeográfica, lingüística ou social do falante) máis un determinado estilo de fala (que neste caso é claramente informal). Polo tanto, como todo marcador lingüístico, a gheada pode ser utilizada polo falante para *definir* ou *redefinir* a situación comunicativa na que se atopa, é dicir, ten a capacidade de imbuírle á si-

tuación un contido social específico e de orientar o(os) receptor/-res cara á 'atmósfera' comunicativa que o falante desexa crear.

As actitudes cara ás dúas variantes lingüísticas deben ser interpretadas de xeito relativo, posto que, mentres todos os grupos lingüísticos prefiren o uso de **g** na conversación formal, só os castelanfalantes son partidarios do abandono total da gheada. O feito de que a maioría dos individuos, pese a preferir para a comunicación formal a variante **g**, se manifesten contrarios á afirmación de que os que falan con gheada deberían evitar usala, demostra que a valoración social das formas lingüísticas debe ser integrada nas dimensións do estatus e da solidariedade, pois unha mesma variante pode ocupar un lugar diferente nesas dúas dimensións. As actitudes cara á gheada son máis positivas na dimensión da solidariedade ca na do estatus, na que está presente a ampla gama de grupos do espectro social que condicionan o uso lingüístico e na que os falantes tenden a ser valorados en termos de competencia profesional, intelixencia, ambición, etc. Na dimensión da solidariedade, sen embargo, as actitudes lingüísticas convértense nunha forma de manifestar a adhesión ao propio grupo, de defender e reivindicar os seus riscos máis identificativos.

## REFERENCIAS

- Aitchinson, J. (1991), *El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia?*, Barcelona, Ariel, 1993.
- Ajzen, I. e M. Fishbein, 1980, *Understanding Attitudes and Predicting Social Behavior*, New Jersey, Prentice Hall.
- Alarcos LLorach, E. (1986), *Fonología española*, Madrid, Gredos (4ª ed.).
- Allport, G.W. (1935), "Attitudes" en Murchinson, C. (ed.), *A Handbook of Social Psychology*, Worcester, M.A., Clark University Press, 789-844.
- Álvarez, R. e F. Fernández Rei (1977), "En defensa da gheada", *Teima*, 20, 8.
- Álvarez, R., Regueira, X.L. e Monteagudo, H. (1986), *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia.
- Álvarez Cáccamo, C. (1989), "Variaçom lingüística e o factor social na Galiza", *Hispanic Linguistics* 2(2), 253-298.
- (1990), *The Institutionalization of Galician: Linguistic Practices, Power, and Ideology in Public Discourse*, Tese de Doutoramento (inédita), University of California.
- Bell, A. (1984), "Language Style as Audience Design", *Language in Society*, 13, 145-204.
- Berruto, G. (1980), *La variabilità sociale della lingua*, Torino, Loescher editore.
- Bierbach, Ch. (1988), "Les actituds lingüístiques", en Bastardas, A. e J. Soler (eds.), *Sociolingüística i llengua catalana*, Barcelona, Empuries, 155-183.
- Book, Ph. (1968), "Social Structure and Language Structure", en Fishman, J. (ed.), 1968, 212-222.
- Brown, P. e C. Fraser (1989), "Speech as a Marker of Situation", en Scherer, K. e Giles, H. (eds.), *Social Markers in Speech*, Cambridge, Cambridge University Press, 1979, 33-62.
- Brown, P. e Levinson, S. (1989), "Social Structure, Groups and Interaction", en Scherer, K. e Giles, H. (eds.), *Social Markers in Speech*, Cambridge, Cambridge University Press, 1979, 291-341.
- Bourdieu, P. (1982), *¿Qué significa hablar?. Economía de los intercambios lingüísticos*, Madrid, Akal, 1985.
- Carballo Calero, R. (1968), "Geada", *Grial*, 19, 99-100.
- (1969), "Sobre os dialectos do galego", *Grial*, 23, 1-15. Reproducido en *Sobre lingua e literatura galega*, Vigo, Galaxia, 1991, 211-228.
- Carré Alvarellos, L. (1956), "La geada en Galicia", *Douro Litoral*, 7ª serie, IX, 961-967.
- (1967), *Gramática Gallega*, A Coruña, Moret.
- Cedergren, H. (1983), "Sociolingüística", en López Morales, H. (coor.), *Introducción a la lingüística actual*, Madrid, Playor, 1983, 147-164.
- Cotarelo Valledor, A. (1927), "El castellano en Galicia", *Boletín de la Real Academia Española*, XIV, 83-136.
- Couceiro Freijomil, A. (1935), *El idioma gallego*, Barcelona, Casa Alberto Martín.
- Coupland, N. (1984), "Accommodation at Work: Some Phonological Data and Their Implications", *International Journal of the Sociology of Language*, 46, 49-70.
- Fernández González, J.R. (1981), *El habla de Ancares (León). Estudio fonético, morfosintáctico y léxico*, Servicio de Publicaciones, Universidad de Oviedo.
- Fernández Rei, F. (1981), "Gheada", *Gran Enciclopedia Gallega*, 16, 21-23.
- (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.
- Fischer, J.L. (1958), "Social Influences on the Choice of a Linguistic Variant", *Word*, 14, 47-56
- Fishman, J., ed. (1968), *Readings in the Sociology of Language*, París, Mouton.

- Gal, S. (1979), *Language Shift. Social Determinants of Linguistic Change in Bilingual Austria*, New York, Academic Press.
- Giles, H. (1971), "Our Reactions to Accent", *New Society*, 14-October. Utilice a reprodución que aparece en Pugh, A.K., Lee, V.J. e Swann, J. (1980), 27-34.
- , ed. (1984), *The Dynamics of Speech Accommodation (=International Journal of Sociology of Language)*, Berlín, Mouton Publishers.
- Giles, H., Coupland, J. e Coupland, N., eds. (1991), *Contexts of Accommodation*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Graña Nuñez, X (1983), *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega: Begonte (Lugo)*, Memoria de Licenciatura (inérita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago.
- Gregory, M. e Carrol, S. (1978), *Lenguaje y situación*, México, Fondo de Cultura Económica.
- Halliday, M.A.K., McIntosh, A. et alia (1964), "The Users and Uses of Language", en Halliday, M.A., MacIntosh, A. et alia (1964), *The Linguistic Sciences and Language Teaching*, Londres, Longmans. Utilizo a reimpreión de Fishman, J., ed. (1968), 137-169.
- Halliday, M.A.K. (1978), *El lenguaje como semiótica social. La interpretación social del lenguaje y del significado*, México, Fondo de Cultura Económico, 1986.
- Halliday, M.A.K. e Hasan, R. (1985), *Language, Context, and Text: Aspects of Language in a Social-Semiotic Perspective*, Oxford, Oxford University Press, 1990 (2ª edición).
- Hymes, D. (1971), *On Communicative Competence*, University of Pennsylvania Press. Utilizo extracto extraído de Pugh, A.K., Lee, V.J. e Swann, J. (1980), 89-104.
- Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega (1982), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo.
- Kroch, A. (1978), "Toward a Theory of Social Dialect Variation", *Language in Society*, 7, 17-36.
- Labov, W. (1966), *Modelos sociolingüísticos*, Madrid, Cátedra, 1972.
- Lapierre, R.T. (1934), "Attitudes versus Actions", *Social Forces*, 14, 230-237.
- López Morales, H. (1989), *Sociolingüística*, Madrid, Gredos.
- Mariño Paz, R. (1991): "Presencia do galego na sociedade galega durante os séculos XVI, XVII e XVIII", *Grial* 110, 263-274.
- Mariño Paz, R. (1994), "Testemuños de gheada nos primeiros textos galegos do século XIX", *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, Universidade de Santiago de Compostela, 1989.
- Marsal, A. (1888), "En tela de juicio", *Galicia. Revista Regional*, ano II, nº 4, Abril, 159-167.
- Milroy, L. (1980), *Language and Social Network*, Oxford, Blackwell.
- Mirás, F. (1864), *Compendio de gramática-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias*. Manexei a edición facsímil, Madrid, Akal, 1978.
- Moure, T. (1993), "El modelo difuso como programa de investigación lingüística", en Sobrino, A. e Bravo, S. (eds.), *Estudios de lógica borrosa y sus aplicaciones*, Universidade de Santiago de Compostela, 245-274.
- Mouriño Cajide, X. (1984), *A gheada galega. Estado actual da cuestión*, Memoria de Licenciatura (inérita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago.
- Pensado Tomé, J.L. (1970), "Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la gheada y sus causas", *Revista de Filología Española*, LIII, 27-44.

- (1974), *Opúsculos lingüísticos del siglo XVIII*, Vigo, Galaxia.
- Pensado Tomé, J.L. e Pensado Ruíz, C. (1983), “Gueada” y “Geada” gallegas, Anexo 21 de *Verba*, Santiago.
- Prieto Alonso, D. (1980a), “A geada: variantes fonéticas, distribución xeográfica e interpretacións”, *O Ensino*, nº 2, Agosto-Outubro, 39-45.
- (1980b), “Algunhas hipóteses sobre a gheada”, *Verba*, 7, 222-237.
- Preston, D.R. (1991), “Sorting out the Variables in Sociolinguistic Theory”, *American Speech*, 66, 1, 33-56.
- Pugh, A.K., Lee, V.J. e Swann, J. (1980), *Language and Language Use*, London, Open University Press.
- Regueira Fernández, X.L. (1989), *A fala do norte da Terra Chá*, Tese de Doutoramento (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago.
- Ribalta, A. (1910), *Libro da Konsagración. Feixe de poesías gallegas*, Madrid, Librería Sucesores de Hernando.
- Ryan, E. e Giles, H. (1982), *Attitudes towards Language Variation*, London, Edward Arnold.
- Saco y Arce, J.A. (1868), *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta de Soto Freire. Manexei a reimpresión de Gráficas Tanco, Ourense, 1967.
- Santamaría Sande, M. P. (1966), *La ‘Geada’ en la provincia de Lugo*, Memoria de Licenciatura (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
- Santamarina, A. (1980), “Novas consideracións ó redor das orixes da gheada”, *Verba*, 7, 243-249.
- Schneider, H. (1939), “Studien zum Galizischen des Limiabechens (Orense-Spanien)”, en *Volkstum und Kultur der Romanen (Sprache, Dichtung, Sitte)*, XI, 103-109.
- Schroten, J. (1980), “Intepretación de la geada gallega”, *Verba*, 7, 209-221.
- Spillner, B. (1987), “Style and Register”, en Ammon, U. e Dittmar, N. (eds.), *Sociolinguistics*, Vol I, Berlín, Walter de Gruyter, 1987, 273-285.
- Trudgill, P. (1986), *Dialects in Contact*, Oxford, Blackwell.
- (1992), “Dialect Contact, Dialectology and Sociolinguistics”, en Bolton, K. e Know, H. (eds.), *Sociolinguistics Today. International Perspectives*, London, Routledge, 1992, 71-79.
- Tuttle, E.H. (1906), “Galician G”, *Modern Philology*, IV/2, 279-280. Reproducido por X. C. Sousa Fernández en *Cadernos de Lingua*, 1, 1990, 161-163.
- Woolard, K. (1985), “Language Variation and Cultural Hegemony: Toward an integration of Sociolinguistic and Social Theory”, *American Ethnologist* 12(4), 738-748.
- Walters, K. (1988), “Dialectology”, en Newmeyer, J. (ed.), *Language: The Sociocultural Context*, Cambridge, Cambridge University Press, 1988, 119-139.
- Zamora Vicente, A. (1952), “La frontera de la geada”, en *Homenaje a Fritz Krüger*, Vol. I, Facultad de Filosofía y Letras, Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza, 52-62. Usei a reprodución que aparece en Zamora Vicente, A., *Estudios de dialectología hispánica*, anexo 25 de *Verba*, 1986, 11-25.
- Villares Paz, R. (1980), *A Historia*, Vigo, Galaxia.